

A ESPADA E O NAVÍO

Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia

As torres no ar

Do mesmo xeito que identifica o poeta o proceso de construción de “A nave do tempo” co da súa propia historia, foise tamén engrosando durante este ano 2003 a bibliografía que tiña por obxecto a divulgación ou o estudo da obra de Antón Avilés de Taramancos. Mais, como acontece sempre que rematan os actos do Día das Letras (sobre todo, unha vez superado o mes central de maio), quédanos un regusto agri doce pois, se moitas foron as páxinas publicadas, os ensaios e aportacións sobre a figura do poeta noiés, tamén é certo que tal abundancia de datos redunda nun esgotamento do lector, de xeito que se pasa do exceso ó esquecemento. E, se sempre é inxusta esta situación, máis aínda no caso de Avilés de Taramancos, un dos autores de máis sólida obra literaria dos que se teñen celebrado nos últimos anos pois, desde 1997 en que se dedica a festa a Ánxel Fole, as figuras obxecto de homenaxe non tiñan peso específico dentro da literatura de creación por máis que a súa relevancia fose indiscutible noutros ámbitos (como acontece, por exemplo, con Manuel Murguía (2000), Eladio Rodríguez (2001) ou Frei Martiño Sarmiento (2002). Polo tanto, é de desexar que a atención á figura de Avilés de Taramancos siga pervivindo máis aló dos fastos e que a súa obra se lea e estudie pois, non en van, é un dos máximos representantes dunha xeración, a das Festas Minervais, fundamental no desenvolvemento da nosa poesía de posguerra. Con todo, para levar a cabo este labor de relectura, vai ser preciso recurrir, xa desde agora mesmo, á *Obra poética completa* editada magnificamente por Espiral Maior que xunta nun volume os froitos do labor lírico de Avilés cos textos que el mesmo traduciu: a *Crónica* de Saint-John Perse e *O cemiterio mariño* de Paul Valéry. Esta vai ser, xa que logo, a obra referencial, o texto definitivo no corpus dun autor que se estende a través de nove poemarios, un libro de relatos, unha peza teatral e numerosas colaboracións en prensa (algunhas delas recollidas na *Obra viva*). Mais, para alén de recompilar as obras éditas, o volume que nos ofrece Espiral Maior inclúe tamén a obra poética dispersa en diversos medios (como as revistas *Dorna*, *Barbanza* ou *Boletín Galego de Literatura* así como en catálogos e folletos) e achéganos, ademais, un monllo de poemas inéditos. Trátase dun total de 43 textos escritos por Avilés en varias épocas, tanto na emigración como na súa volta á terra natal.

Como xa se ten posto de manifesto, a chegada de Antón Avilés ás letras galegas prodúcese na Coruña, cidade á que se traslada por motivos de estudos e onde establecerá contacto coa bohemia literaria e pictórica (sobre todo, con Urbano Lugrís e con certos compoñentes do “Grupo Amanecer”), feito determinante na súa traxectoria vital e creativa. Na cidade atlántica xorden os versos de *As moradiñas do vento* (1955) e *A frauta e o garamelo* (1958-9), uns poemas sinxelos e inxenuos onde predomina unha visión da natureza moi próxima ó panteísmo, tal é o grao de identificación do ser co seu entorno. Trátase, no primeiro dos casos, duns poucos textos de ambientación mariñeira -non en van a súa aldea natal de Taramancos mírase na ría de Noia- onde este mundo se observa cos ollos aínda fascinados do adolescente que non é quen de abranguer toda a súa grandeza. Así, os veleiros ancorados no porto, sentindo a caricia do vento, son testemuña dos anxeios vitais do ser que quixera deixarse ir tamén nas ás do nordés cara a novas experiencias vitais. Pola contra, na segunda das obras, o ámbito retratado é o do bosque e así búscase a presenza sonora dos paxaros e as árbores, os cantares do xílgaro e o paspallás, a sombra do xerín, o rolar da rula e o lecer da pomba. Aínda así, a ollada deste eu poético segue a estar moi próxima á nenez como afirma no “Cántico ao arbore”:

*Teño a ollada limpa do neno
que rechina coa auga,
e son todo paxaros, remuíños e vento.*

De moi distinto signo son as obras seguintes, *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto* (1959) e *Poemas soltos a Maricarme Pereira* (1961), pois nelas o tema central vai ser o amor, un “amor noviño que se faga/ lume, mármore e vidro na palabra”, non correspondido e por veces doloroso, que se vive de novo a carón do mar, o mesmo mar que leva ó poeta ás terras de Colombia. Precisamente esta circunstancia biográfica motiva que estes dous poemarios non vexan a luz ata 1982 cando sae do prelo *O tempo no espello*, volume misceláneo que recolle tamén *Os poemas da ausencia* (Primeira -1963- e Segunda parte -1969-) e *Nova crónica de Ulises* (1978). Vivindo xa a dura experiencia da emigración, Avilés dálle un xiro á súa poética e plasma agora nos versos a crúa realidade do trasterrado. Nesta circunstancia prodúcese o recurso á memoria, forza fulcral nos poemas xa que o eu poético evoca constantemente a familia (sobre todo á nai) e a terra que deixou atrás. Enfrontado ó desarraigo, o ser non nos ofrece unha imaxe idealizada da terra natal senón que é esta bastante realista na súa falta de liberdade e así varios textos derivan cara á crítica social denunciando a loucura da guerra, a cobiza e os máis baixos comportamentos

humanos. Con todo, *Os poemas da ausencia*, nacen da convicción de que “*Vinte anos de ausencia na flor da mocidade trocan radicalmente a vida dun home*” e por iso o eu poético vai madurecendo o seu discurso e afrontando a dor e os golpes do destino. Un destes, a morte gran amigo Urbano Lugrís, dará pé a Avilés para escribir un dos prantos máis sentidos da nosa literatura e será o xermolo da *Nova crónica de Ulises* onde retoma esta figura mítica pero vista coa mesma óptica que aportara Lugrís no personaxe de Ulises Fingal. A experiencia viaxeira, o periplo marítimo e a afirmación no compromiso coa patria (“*Miña Patria:/ eu son o teu soldado máis forte./ A túa lingua é a miña espada*”) priman nestes versos onde Ítaca se amosa como unha entelequia pois, aínda volvendo a ela, o eu sente que os cambios producidos sobre a terra natal son moitos e así dirá: “*non hai regreso, avoa,/ nunca/ regresa o mesmo home/ ao mesmo sitio*”.

Ulises volta a Itaca e Avilés prepárase para establecerse de novo na súa vila natal de Noia, mais, xa aquí, asáltao de vez en cando a saudade de Colombia e deste sentimento xorden os *Cantos caucanos* (1985), viaxe íntima e sentimental por esta terra exótica, de mítica orixe, e onde os sabores e olores son profundos e misteriosos. En certos momentos, a poesía adopta un ton épico e amosa as xestas dos exploradores que se enfrontan a novos territorios e a costumes diferentes. É entón cando o poeta expresa o seu desexo de ter unha casa en Chachahuí preto do cocuio, no territorio do cóndor e do puma negro, como unha arca onde conservar a memoria de tantos anos.

O último poemario publicado en vida do poeta foi *As torres no ar* (1989), un canto ás raíces e ós alicerces que forman o ser quen, tras abandonar a singradura e facer a elexía polo mar, busca acubillo nunha torre secreta onde o agarda o amor e un corpo que florece co pracer. Ancorado neste lugar escondido, o ser séntese máis próximo á súa estirpe, á terra e á orixe. Renace imbuído de coñecemento e exclama:

*Aí téis o perfil da luz: aínda nascendo. Olla como destece
a tebra a súa torre escura, como canta unha espada no ar
e se abre unha liña en faíscas conmovéndome, como
tamén o corazón abre os seus ríos e comeza a mañá,
comeza o tempo e unha rosa invisíbel habitándonos.*

No 1992, enfrontado á dureza dunha morte que se lle aproxima ó gallope, Avilés de Taramancos deixará preparado o seu testamento poético, *Última fuxida a Harar*, un xeito de viaxe ó inferno como fixera o seu amado Rimbaud. Agora o eu, “*Espido da magnificencia, / só, como habitante único*” observa o seu reino e ofrece o

testemuño da súa dor, memoria da orixe, mentres se reafirma no seu compromiso coa patria: *"Hai que romper de norte a sul Galiza,/ queimar as rozas dunha idade antiga/ e ver nascer o sol, lástima fora"*. Con todo, e esta vén ser a grande aportación da *Obra poética completa*, foron moitos os textos que ficaron inéditos e que complementan o corpus avilesiano. Trátase de poemas miscelánicos onde se afonda nos temas queridos ó autor: o desarraigo da terra, o amor, o mar e a presenza dun país escravo que debe liberarse. Todos eses puntais que alicerzaron a poética dun dos autores máis importantes da nosa literatura, aquel que expresou o seu desexo de *"Ser ave,/ ser cantiga, ser pranto, ser combate,/ ser esa permanencia que nos leva/ como un río no tempo até a vitoria"*.

TERESA SEARA

Antón Avilés de Taramancos, A Nosa Terra, marzo 2002, pp. 45-47

